



VIII PREMIO DE POESÍA CAIXANOVA 2009



VIII PREMIO DE POESÍA CAIXANOVA

B A S E S

1. Poderán concorrer ao “VIII Premio de Poesía Caixanova” os autores e autoras que o desexen, presentando **unha soa obra escrita en lingua galega** (segundo a normativa vixente).
2. O premio, un e indivisible, **está dotado con 12.000 €**, e desta cantidade deduciranse os impostos correspondentes.
3. As obras aspirantes deberán acadar unha **extensión mínima de 600 versos**, han ser inéditas na súa totalidade e non poderán estar presentadas simultaneamente a outros concursos.
4. Os orixinais presentaranse por quintuplicado, mecanografados e baixo un lema. Ese mesmo lema deberá figurar nun sobre adxunto que conterá no seu interior, os seguintes datos: nome e apelidos do autor ou autora, fotocopia do DNI, enderezo completo e actualizado, correo electrónico e teléfono(s) de contacto.
5. Os poemarios faranse chegar por calquera medio a: **Caixanova, Dpto. de Obras Sociais. Centro Social Caixanova, Avda. Policarpo Sanz, 24-26, 36201 VIGO**. Indicando no sobre: Para o “VIII Premio de Poesía Caixanova”.
6. O prazo de admisión remata o **31 de outubro de 2009**, quedando excluídos todos aqueles orixinais que leven data posterior de entrega en Correos.
7. O Xurado cualificador estará integrado por cinco membros de recoñecido labor no ámbito literario. **Correspóndelle ao Xurado a interpretación destas Bases e a súa decisión será inapelable.**
8. O fallo do “VIII Premio de Poesía Caixanova” farase público, perante os medios de comunicación, en Vigo, **a comezos de decembro de 2009**.
9. O libro premiado publicarase, na colección **Arte de Trobar**, editada polo Centro P.E.N. de Galicia e a Ed.Danú, renunciando o autor ou autora, na primeira edición, aos dereitos que puideran corresponderlle. De existiren posteriores edicións, deberase facer constar que a obra recibiu o “VIII Premio de Poesía Caixanova”.
10. Non se devolverán os orixinais non premiados, nin se admitirán reclamacións sobre os mesmos. O feito da presentación ao “VIII Premio de Poesía Caixanova” obriga aos participantes a respectar as presentes Bases na súa totalidade.